


As enquisas

A enquisa permite realizar unha serie de preguntas ao alumnado e analizar as súas respostas. Pódense configurar para que sexan anónimas.

Por exemplo, poderíamos crear unha enquisa para coñecer a opinión do alumnado sobre unha determinada materia, contidos, prácticas...

Creación

1. Activar o **modo edición**.
2. Pulsar **Engadir unha actividade ou un recurso**.
3. Seleccionar **Enquisa**.
4. Pulsar **Engadir**.



Podemos configurar os seguintes aspectos:

Xeral

- No campo **Nome** introduciremos un título para identificar dita enquisa.
- Tipo de enquisa**. Seleccionamos o tipo de enquisa que queiramos aplicar. Hai dispoñibles tres tipos de enquisa diferentes:
 - ATTLS** - Attitudes to thinking and Learning Survey, ou o que é o mesmo, actitudes de pensamento e aprendizaxe. Serve para medir o grado no que o alumno é un «coñecedor conectado» (tende a gozar máis da aprendizaxe, é máis colaborativo e está disposto a aprender das ideas dos demais), ou ben é un «coñecedor

desconectado» (tende a adoptar unha actitude de aprendizaxe máis crítica e argumentativa).

- Critical incidents survey** (Enquisa de incidentes críticos), permítenos coñecer a valoración persoal dos estudantes con detalle, xa que permite describir incidentes relacionados con aspectos parciais do curso.

- COLLES - Constructivist on line Learning Enviroment Survey**, ou o que é o mesmo, enquisa en liña sobre o entorno de aprendizaxe construtivista. Este tipo de enquisas poden ser útiles para a avaliación da educación en liña, así como para identificar certas tendencias que poidan estar dándose entre os participantes. Serve para facer o seguimento do nivel no que a capacidade interactiva da World Wide Web pode ser explotada para que os alumnos se involucren en prácticas educativas dinámicas.

- Descrición.** Parágrafo para definir os obxectivos da enquisa ou o modo de funcionamento.

Configuración común do módulo

Opción **modo de grupo** en separados ou visibles, de xeito que as persoas participantes poidan participar no seu grupo podendo non ver aos outros ou si, respectivamente.